



LIBRO DE RECEITAS DE PEOPLE & PLANET PARA A

# ACCIÓN XUVENIL COLECTIVA





# GRAZAS

O proxecto People & Planet quere darlles as grazas a todas as persoas que colaboraron nesta iniciativa e nesta publicación.

En especial, queremos agradecer o labor das mozas e mozos que dinamizaron a sesión no Evento Europeo da Mocidade e que participan activamente no proxecto: Órla Hayes e Sli (@waterfordsli), Maria Fiorino e WeWorld (@weworld.onlus), Artur Szlęzak e Kupuj Odpowiedzialnie (@kupujodpowiedzialnie), Iulia-Maria Ioniță e Agenda 21 (@waterofthefuture\_romania), Michelle Guevara e Fondo Galego (@fondogalego).



## **POR QUE É IMPORTANTE ESTE LIBRO DE RECEITAS?**

Algunha vez quixeches contribuír ao desenvolvemento sostible, pero non sabías como actuar? É máis, sentes que xa fas o que podes, pero decátaste de que, sen cambios estruturais e sen o apoio das autoridades e institucións locais, será difícil obter resultados relevantes?

Temos unha boa nova: É posible transformar a acción individual en acción colectiva para promover cambios máis significativos. A xente nova xa demostrou que é un actor clave do desenvolvemento en contextos locais e estatais. As mozas e mozos son axentes de transformación que dispoñen de diversas vías para desprezar todo o seu potencial e contribuír ao cambio.

## QUE ATOPARÁS NESTE LIBRO DE RECEITAS?

Este libro de receitas presenta unha serie de fórmulas para o cambio colectivo xuvenil cara á sustentabilidade.

Son receitas xurdidas dos debates que tiveron lugar na quinta edición do Evento Europeo da Mocidade, celebrado en Estrasburgo en 2023. Vinte mozas e mozos de distintos países de Europa participaron nunha chuvia de ideas dirixida por catro activistas novos que forman parte do proxecto People & Planet: un destino común.

Estes son os temas que trataremos:

- 1) Consellos da Mocidade
- 2) Márketing
- 3) Campañas
- 4) Greenwashing



# CONSELLØS DA MØCIDADE


Un só individuo rara vez provocará un impacto significativo na loita contra o cambio climático; o reto está en promover accións dirixidas ás masas. Se se mobiliza máis xente, estaremos máis preto dun cambio en positivo.

Pensa ao grande, pero comeza co pequeno. Un exemplo: non esquezas a quen está no poder. Atraer o interese das persoas que toman as decisións e comparten as túas prioridades pode ser un bo xeito de activar o cambio colectivo. Sé unha cidadá ou cidadán activo: tenta persuadir as autoridades locais para que pensen na sustentabilidade!

Podes atoparte con varias dificultades, desde o desinterese dos gobernos municipais ata problemas para dar coas canles de comunicación axeitadas. Con todo, se segues estas recomendacións, ti tamén poderás influír nesa “maquinaria” que considerabas inalcanzable.

## ÚNETE A UNHA ORGANIZACIÓN LOCAL

Se consideras que os políticos non son moi accesibles, únete a unha asociación xuvenil ou a outra organización local. Isto amplificará a túa voz e as túas ideas gañarán visibilidade, así será máis doado que as túas reivindicacións cheguen aos poderes establecidos.



## SÚMATE A INICIATIVAS LOCAIS PROMOVIDAS POLO TEU CONCELLO

Quizais penses que estas asembleas locais non son útiles para acadar as túas metas, especialmente se van dirixidas á xente nova. No entanto, son experiencias importantes de democracia participativa que permiten entender o tipo de problemas que están a afectar ás comunidades locais e como actuar para afrontalos.

## INVESTIGA SOBRE O TEMA NO EIDO LOCAL

Para defender ben a túa causa, cómpre que esteas ao tanto da realidade local e das prácticas existentes no teu territorio para promover a sustentabilidade. O coñecemento dá paso a máis coñecemento e inspira novas solucións e formas de pensar innovadoras.

## INFÓRMATE E ESPALLA A SENSIBILIZACIÓN

Os Consellos da Mocidade non teñen por que dirixirse só ao poder político. Tamén son fundamentais para sensibilizar a poboación xeral. Promover un cambio de comportamento colectivo pode ter un grande impacto, e ademais pode axudar ao teu grupo a reunir máis apoios e gañar influencia.



# MÁRKETING

Algunha vez mercaches un petisco despois de ver alguén pola rúa comendo un? Nalgunha ocasión imitaches o estilo de vestir doutra persoa? Esta capacidade de influír noutras persoas débese a que valoramos as preferencias de quen nos rodea e estamos dispostos a aprender dos demais.

Así que, por que non falar abertamente con amizades e familiares sobre a acción climática? Ás veces, a xente non se decata de que outras persoas comparten as mesmas ideas.

Xoga en equipo con amigos e compañeiros e empregade as redes sociais para mostrarlle ao mundo que as vosas accións colectivas a pequena escala poden traer cambios máis potentes. Nunca saberás en quen podes influír ata que utilices a túa voz!





## ATINA CO QUE DIS E CON COMO O DIS

Os datos relacionados coa crise climática ás veces poden resultar confusos ou desalentadores, polo que cómpre proporcionar información contrastada e de fácil comprensión. Fala con outras persoas para desenvolver as túas ideas.

Emprega imaxes e vídeos accesibles nas redes sociais para sensibilizar. Nos centros educativos, crea actividades interactivas para explicarlle á rapazada ideas complexas de xeito atractivo.

## DIVIRTE, APODERA E LANZA DESAFÍOS

A creatividade abre o camiño do cambio. Se vas falar de acción climática, conta unha historia atraente de xeito participativo. Convirte a información potencialmente aburrida en coñecemento que teña valor informativo e que inspire accións nas que resulte interesante, estimulante e agradable involucrarse.

## MULTIPLICA AS ACTIVIDADES PRESENCIAIS

Alén da actividade en redes sociais, reúnete en persoa coa xente. Coñece de primeira man o teu público, xente nova coma ti. Fala coas túas amizades, acude ás escolas, ás universidades e a grupos xuvenís para expor a túa proposta.

## DÁLLE ESPERANZA Á XENTE

O cambio climático é o maior desafío ao que se enfrenta a sociedade. Darlle esperanza á xente e transmitirllle a certeza de que, modificando as nosas prácticas colectivas, podemos mellorar as cousas, é un gran paso para dar lugar a comportamentos máis sustentables.

# CAMPAÑAS

O movemento de activismo global Fridays for Future -unha iniciativa impulsada pola activista sueca Greta Thunberg- mostrou ao mundo que a mocidade está comprometida e implicada na protección do planeta e na loita contra o cambio climático. Ao tempo, deixou patente que, se todo o mundo se une arredor dun obxectivo común mediante un conxunto de accións organizadas, seremos quen de mudar as cousas.

Ademais, hai moitos exemplos menos coñecidos de campañas sobre o clima que resultaron exitosas á hora de sensibilizar e promover un cambio real no eido local.

Expresar a túa opinión ao mundo pode facerche sentir vulnerable, pero lembra que tamén é unha maneira de dar pasos para obter un impacto colectivo.



## COÑECE O TEU PÚBLICO

Entender o teu público obxectivo e adaptar a túa campaña a el é a mellor maneira de ter impacto e de que a mensaxe chegue con claridade.

## OS FEITOS NON MENTEN

A crise climática é un feito, non unha opinión. A ciencia está da túa parte á hora de reclamar un cambio urxente. Os datos contrastables son os mellores amigos da túa campaña e debes comunicalos de forma orixinal. Se a xente se queixa ou rebate, comparte o que din os científicos ao respecto.



## PLANIFICA A ESTRATEXIA

A planificación é determinante para garantir que unha campaña deixe pegada, no canto de asumir unha morea de traballo que ninguén vai lembrar. Lanza sondaxes e consultas para descubrir o que funciona co teu público e como enfocar os temas que queredes priorizar de xeito conxunto. Pon en marcha accións de seguimento para asegurarte de que calquera éxito logrado a pulso teña impacto mesmo despois de que remate a campaña.

## UNHA ARMA CONTRA A INACCIÓN

Lamentablemente, as autoridades non sempre están no lado correcto da historia no que respecta á crise climática. As campañas poden ser unha boa forma de organizar a comunidade e esixir máis medidas de sustentabilidade. O activismo e a acción colectiva sempre prevalecerán sobre a inacción e a represión.



# GREENWASHING

A acción polo clima dispón dun recurso de valor incalculable: os innumerables estudos existentes, que son grandes aliados para promover o desenvolvemento sustentable e suxerir accións concretas para acadalo.

Porén, non todo o mundo está no mesmo punto. Algunhas empresas son acusadas de “greenwashing” ou “ecobranqueamento” por subirse á onda verde adoptando unhas accións e unha linguaxe co fin de venderlle á xente supostas solucións que, en verdade, poden facer máis mal que ben. Por iso é máis importante ca nunca reflexionar sobre o que é realmente sostible nos nosos hábitos e nos produtos que utilizamos.

Comeza preguntándote cando foi a última vez que viches un anuncio que mencionase palabras como sostible, ecolóxico, vegano, produto local, etc. Merecía a túa confianza ou era unha simple campaña de márketing?



## A INFORMACIÓN É CLAVE

Nun mercado capitalista, a información é coñecemento. Infórmate sobre os produtos que adoitas usar, consulta os seus ingredientes e materiais, e como se produciron. Fai pescudas para identificar as marcas cun comportamento malicioso e para atopar alternativas máis verdes.



## SI, QUERO TOMAR A INICIATIVA!

Cociña máis a miúdo con ingredientes locais, fabrica os teus propios produtos de limpeza, reutiliza os recipientes e compra roupa de segunda man. Saír da túa zona de confort xa é un gran paso na boa dirección.



## CONFÍA NO TEU INSTINTO

A maioría das veces, os teus valores e ideas poden guiar a túa intuición sobre o que é unha boa compra ou non. Non te fíes só do que che din as empresas e, se non superan a proba de sustentabilidade, denúnciao e boicotea o seu negocio.



## FALA CON QUEN MANDA

Existen varias leis que protexen as persoas consumidoras fronte ao “greenwashing”. Cando vexas que unha empresa fai “ecobranqueamento”, contacta co departamento do goberno ou co organismo regulador que corresponda, denúnciao ante as asociacións de consumidores e fala do tema coa túa familia e amizades.







# O PROXECTO PEOPLE & PLANET

---

People & Planet: un destino común é un proxecto europeo que ten como obxectivo concienciar a mocidade europea sobre os retos e consecuencias que supón o cambio climático, animándoa a mobilizarse e mesmo a asumir o liderado na adopción de estilos de vida máis sostibles. Ao tempo, busca mellorar as prácticas dos gobernos locais, facilitando a implicación activa da mocidade nos procesos de elaboración de políticas públicas, así como na consecución dos Obxectivos de Desenvolvemento Sostible no eido local.

People & Planet é un proxecto cofinanciado pola Comisión Europea a través do Programa de Educación para o Desenvolvemento e Sensibilización (DEAR, polas súas siglas en inglés). Nel participan 17 entidades, tanto gobernos locais como organizacións da sociedade civil, de 8 Estados membros da UE (Alemaña, Italia, Irlanda, Países Baixos, Polonia, Portugal, Romanía, España) e de Cabo Verde, que queren contribuír a protexer o noso planeta.



Esta publicación foi producida co apoio económico da Unión Europea. Os seus contidos son responsabilidade exclusiva do proxecto People & Planet e non reflicten necesariamente a postura da UE.

